



INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS EN CONTACTO CON ANIMAIS SOSPEITOSOS OU CON ANIMAIS OU PERSOAS DIAGNOSTICADAS DA GRIPE AVIARIA

Vostede recibe esta información e instrucións porque:

- Estivo en contacto con animais sospeitosos ou infectados co virus da gripe aviaria OU
- Participou en actividades nas que puido ter contacto co virus OU
- Estivo en contacto cunha persoa co virus da gripe aviaria.

Por precaución deberá adoptar as medidas seguintes:

- **Manteña unha boa hixiene persoal**, manteña as mans limpas e láveas axeitadamente con auga e xabón, cubra o nariz e a boca cando esbirre ou tusa, ben cun pano ou co cóbado flexionado, evite tocar o nariz, a boca e os ollos e manteña a casa limpa e ben ventilada.

- **Vixie durante os 10 días seguintes ao último contacto** a aparición de síntomas compatibles con gripe humana de orixe aviaria: tose, febre ou sensación febril, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, dificultade para respirar ou sensación de falta de aire, diarrea, conxuntivite ou fatiga.

- Se presenta síntomas:

- Póñase en contacto telefónico co seu **médico de atención primaria**, indicando que tivo contacto con animais sospeitosos ou diagnosticados da gripe aviaria ou cun caso humano confirmado da gripe aviaria para que se lle tome a mostra para realizar unha proba (PCR orofarínxea).
- No caso de síntomas graves chame directamente ao **061**.
- Avise á **Sección Epidemiolóxica da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade** correspondente (ver rodapé).
- Ademais proceda a:
 - Poñerse unha **máscara cirúrxica**
 - Dirixirse ao seu domicilio para iniciar o **illamento**
 - **Evitar o contacto** próximo con outras persoas
- Elabore unha **listaxe das persoas coas que tivera contacto** (persoas conviventes ou que compartiran o mesmo espazo a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo acumulado de máis de 15 minutos, durante o período dende o inicio dos síntomas).

- No caso de que ser contacto dunha persoa diagnosticada da gripe aviaria ou se confirme a gripe nos animais cos que tivo contacto, chamarano para a realización dunha PCR, aínda cando non teña síntomas. Ademais, se non hai contraindicación, o seu médico valorará a necesidade de tratamento preventivo antiviral.

- Debe **evitar o contacto con mascotas e outros animais** durante todo o período de vixilancia. Se non pode evitar este contacto, use máscara cirúrxica e lave as mans antes e despois de interactuar cos animais. Se fose necesario, os animais poderán saír do domicilio en períodos de tempo cortos, con correa, bozo e evitando o contacto con outros animais.